



CONCELLO DE
OLEIROS



Ensino

ANPA ARCE DO IES NEIRA VILAS

Rúa Xosé Neira Vilas, nº 3

15172 Perillo (Oleiros).-

NOTIFICACIÓN

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas notifícolle que pola 1ª tenente de alcalde delegada de Economía e Facenda en funcións ditouse a Resolución Nº 2019002267 de data 30 de maio, que ten o seguinte contido, na parte que lle afecta:

“Nº Expediente: 2018/EGFAB/000103

En data 13 de maio de 2019 ditouse resolución nº 201900001945, polo que se aproba a incorporación ao Orzamento en vigor dos remanentes procedentes do exercicio 2018, entre os cales se atopan os importes pendentes de aboamento ás entidades beneficiarias de subvencións concedidas por Decreto da Alcaldía nº 5407/2018.

Examinadas as xustificacións presentadas polas entidades beneficiarias e considerando o establecido nas cláusulas IX das bases específicas e convocatoria de subvencións para a promoción e difusión da cultura e o deporte para o ano 2018 formulouse polo órgano instructor en data 28 de maio de 2019 proposta de pagamento das que presentan xustificacións correctas dos gastos efectuados.

Visto o informe da Asesora Xurídica de Cultura, Ensino, Deportes, Formación e Emprego e Xuventude de data 27 de maio e a conformidade do Interventor;

Considerando:

1. [...]
2. *Que a entidade ANPA ARCE IES NEIRA VILAS achega facturas correctas por importe total de 2.448,60 euros, que non acadan para cubrir a totalidade do orzamento subvencionado a xustificar que é de 2.632,60 euros, presentando un escrito polo que renuncia á diferenca.*

En virtude das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto da Alcaldía núm. 2586/2015, de 18 de xuño, modificado por Decreto da Alcaldía nº 2797/2015, de 8 de xullo,

RESOLVO:

1º.- Aprobar a seguinte liquidación correspondente á entidade ANPA ARCE IES NEIRA VILAS:

- *Importe subvención concedida: 1.337,60 euros.*





CONCELLO DE
OLEIROS

Ensino

- Ingresos xerados pola actividade: 1.295,00 euros
- Orzamento total a xustificar: 2.632,60 euros
- Importe que se considera correctamente xustificado: 2.448,60 euros
- Diferenza: -184
- Liquidación a aboar: 1.153,60 euros.

2º.- Recoñecer a obriga e ordear o pagamento, ás entidades que se relacionan a continuación das cantidades que se especifican, en concepto de liquidación de pagamento do importe restante da subvención que lles foi por Decreto da Alcaldía nº 5407/2018:

Rfa. BDNS: 417691

CIF	ENTIDADE	ADREM	IMPORTE
[...]			
G15122427	ANPA ARCE DO IES XOSÉ NEIRA VILAS	201900015601	1.153,60

[...]

4º.- Comunicar o contido da presente Resolución aos Departamentos de Contabilidade e Tesourería e notificala ás entidades afectadas, aos efectos oportunos.”.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

O que lle notifico aos efectos oportunos

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Secretaria accidental do concello de Oleiros (P. D. A Aesora Xurídica CEDFEX, segundo decreto da alcaldía nº 4499/12 do 24 de outubro) . (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

